



SOCIAL | LABORAL

A Xunta de Galicia incorpora as propostas de CCOO ás medidas de conciliación

O Goberno galego recolle a proposta de CCOO de compensar con 500 euros mensuais a perda de salario das traballadoras e traballadores que se acolleron a reducións de xornada ou excedencias pola crise sanitaria

12-6-2020.- CCOO presentou achegas ao paquete de medidas extraordinarias de conciliación presentado pola Xunta de Galicia, no que só se prevía unha axuda de 500 euros mensuais para financiar a contratación laboral ou de servizos para atender a infancia e as persoas dependentes a domicilio.

O Sindicato propuxo que se ampliasen as liñas de axuda cunha nova que servise para compensar a perda de ingresos salariais por reducións de xornada ou excedencias para atender estas situacións de coidados no fogar. CCOO tamén propuxo, e foi aceptado, que as axudas cubrisen todo o período de suspensión da actividade.

CCOO lamenta que non se ampliase a franxa de idade ata os 14 anos, tal como solicitara, pois entende que son nenos e nenas menores que precisan de coidados cando os seus proxenitores ou titores legais están fóra toda unha xornada de traballo.

+ Para máis información:

– Maica Bouza Seoane. Responsable de Previsión Social

696518784

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2020

GABINETE DE COMUNICACIÓN
Horario de verán: luns a venres, 8-15 h
686 469 993 / 981 551 867 | prensa@galicia.ccoo.es
Máis información en: <http://www.ccoo.gal>